

Helena de Carlos: *Alta casa*

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1997]). “Helena de Carlos: *Alta casa*”. *A Trabe de Ouro*: 29, 99-100. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1127>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (1997). “Helena de Carlos: *Alta casa*”. *A Trabe de Ouro*: 29, 99-100.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

HELENA DE CARLOS:
ALTA CASA
Espiral Maior, 1996

Anxo Angueira

Para moitos lectores acostumados á gramática poética aínda entre nós imperante probablemente esta opera prima de Helena de Carlos non satisfaga en varios dos seus poemas o nivel de aprendizaxe e adestramento que moitos outros libros regalan verso a verso. E é certo. Niso, desde logo, esta *Alta casa* non pode competir coa «instrucción» formal, o «rigor» léxico, a «habelencia» técnica, o «requinte» resolutivo... en definitiva co *savoir faire* de moita da nosa poesía actual. Masque: non é mágoa ningunha. Antes ao contrario, alivia de moita destreza que se nos fai baldía, osixénanos do consabido e, sobre todo, ponnos fronte por fronte do milagre da autenticidade, da verdade dunha voz poética de xorne tan natural —inocente si que non— como pouco visto, chea dunha franqueza que nos enche e nos posúe para sempre.

Porque nos cimentos desta *Alta casa* está o esforzo dolorísimo de construír esoutro

lado do mundo onde bate o sol frío, a incerta alborada, o neboeiro. E o tempo. Se algo hai que buscar que forxe o poemario ese algo é o tempo. Nos poemas de amor o tempo é o gume que corta as presencias e as ausencias, o amor que foi e que é e que será máis alá da morte e dos seus nomes («Choiva»), irrepitíbel, ou amor que nos devolve ao que nos foi primeiro («Limiar»). Nos poemas de ton máis elexíaco desta poeta viaxeira (Porto Empedocle, Piazza Indipendenza, Barbantes, Rande, Entrimo, Maside), nun estilo que a min me recorda a Xavier R. Baixeras, evócase o pasado cunha tristeza ás veces sobrecollidora e frecuentada de citas literarias (Verxilio, Villon, Cunqueiro). Non faltan tampouco as alusións á desoladora imposibilidade heraclitiana de volver ó mesmo setembro («Entrimo»), os adeuses e extravíos de Manuel Antonio («Piazza Indipendenza» e «Outono») e a fascinante recreación do camiño de retorno («Barbantes») inspirada en Du Bellay pero moi claramente a través de Méndez Ferrín e o seu «Cando regreses a Vilanova dos Infantes» de *O fin dun canto*.

Na obra, poema a poema, paulatinamente vai collendo forza e forza, con lenta gravidade, ata asulagalo todo, o sentimento da saudade que, apoiado en tristes, en case esmorecidos movementos rítmicos que foxen do arrebatado e da solemnidade, se converte na música máis xenuína e emotiva do libro, sinxela, persoal e xa realmente extraordinaria ao chegarmos ao último poema, o que leva por título «Demo de Armeses». Nel Helena de Carlos —e non podo esquencer páxinas memorábeis, a páxina toda de Chus Pato— enfronta nun potente canto terríbel a procura da memoria, individual e colectiva, para deixarnos no pinche, neste cume, o ramo de loureiro máis verde e delicado a iluminar toda esta *Alta casa*, a iluminarnos na procura da nosa propia sombra. Canto de alento comunal, incríbelmente conmovedor, onde se xuntan as sombras do pasado, as de mortos e as de vivos, onde se poupa amarga pro valentemente o laño da ferida total que a todos nos doe e nos consome.

Tamén eu arelo unha imaxe derradeira que levar canda min, como Manuel Antonio cachea entre os luceiros unha despedida que se lle perdeu, desta intensa autenticidade que moven as sazóns, os anos e as idades como se non houberse máis que lene bris de outono a abanear os vimbios, as vidas, as abeleiras de Armeses.